


INFORME DE REVISIÓN DO SISTEMA POLA DIRECCIÓN

Curso 2016/2017

R1 DE-03 P1



Informe de revisión do sistema pola dirección

-

Informe de resultados anual do centro

Data da reunión: 26/03/2018
Data de aprobación na xunta de Centro: 06/04/2018

Índice de contidos

- I. ASPECTOS INTRODUTORIOS
 - II. DATOS E ANÁLISE DE RESULTADOS DO CENTRO E DAS SÚAS TITULACIÓNS
 - III. ESTADO DE SITUACIÓN DAS MELLORA PROPOSTAS NO(S) INFORME(S) ANTERIOR(ES)
 - IV. LISTAXE DE ACCIÓNS DE MELLORA PROPOSTAS
 - V. CONCLUSIÓNS E ACORDOS
 - VI. ANEXOS
-

I. ASPECTOS INTRODUTORIOS

I.1. Presentación/Obxecto da reunión

O obxectivo final desta reunión é elaborar o procedemento denominado *Informe de revisión do sistema pola dirección* (DE-03 P1). Este informe é unha continuidade do proceso de Certificación do Sistema que recentemente acadou o centro (resolución da ACSUG con data 28/07/2017). Con este marco presente, realizaremos unha reflexión e debate sobre a aplicación do Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC), e a súa xestión na facultade de Historia, en referencia aos títulos académicos que se imparten. En definitiva, trátase de comprobar o seu nivel de eficacia ao tempo que revisaremos e, se se considera preciso, actualizaremos, as metas propostas no curso pasado 2016-2017 na Política e Obxectivos de Calidade.

I.2. Informe inicial

- ✓ Descrición de cambios organizativos que afectaron ao funcionamento do centro/titulacións/servizos no que atinxe á calidade

Durante o curso 2015-2016 rexistráronse unha serie de cambios no equipo decanal, derivados da posta en marcha no mes de xuño das reformas relativas á Relación de Postos de Traballo do sector PAS en toda a Universidade de Vigo. En primeiro lugar, a administrativa do centro, secretaria electa do equipo decanal, foi cesada do seu posto mesmo, situación incompatible coa súa continuidade no cargo. Derivada de esta situación, a decana optou por rematar o mandato e a vicedecana presentou a súa dimisión. Ante a inmediatez do fin do mandato, a decana, que tamén é coordinadora de Calidade no centro, nomeou a un novo secretario, quedando o posto do vicedecanato vacante coa previsión de convocar eleccións no tempo regulamentario -seis meses-. A consecuencia máis inmediata destes cambios foi a necesidade de actualizar os integrantes da Comisión de Calidade, co obxectivo de que os cambios fosen mínimos, xa que o groso do mesmo debería derivarse do cercano proceso electoral.

É importante deixar constancia que estas innovacións producíronse unha vez rematados os procesos de acreditación do título do grao en Xeografía e Historia e do mestrado interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade -do que a ex-vicedecana é co-coordinadora-. Ademais o centro obtivo a Certificación do Sistema de Garantía de Calidade.

✓ Descrición de cambios na oferta formativa/ou de servizos

Durante o curso 2016-2017 continuouse coa implantación da remodelación do **grao en Xeografía e Historia** comezada no curso 2014-2015, polo que se puxo en marcha o 3.º curso, quedando tan só 4.º curso con docencia do plan do 2009-2010. O proceso mantivo a dinámica dos anos precedentes, revisando previamente as guías docentes do novo plan, así como a información recollida na plataforma de teledocencia da UVigo (FaiTic).

Dado que os cambios entre ambos planes afectan fundamentalmente á modalidade semipresencial, os estudantes que teñen materias pendentes do plan anterior sen docencia son incluídos nas aulas nas materias do plan novo, aínda que se manteñen as listas e actas separadas.

Outro aspecto novidoso refírese ao proceso de extinción do plan anterior, xa que non se ofertou a posibilidade de matricularse en materias de 1.º curso, completamente extinguido. No caso de que algún/ha estudante aínda tivesen pendentes materias dese curso, irremediamente debería pedir o recoñecemento e adaptarse ao plan novo.

O título do **mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural** tamén presentou novidades. En primeiro lugar un cambio de coordinación e, polo tanto, da súa secretaría e da Comisión Académica. En segundo lugar, debido a que un dos centros colaboradores, a Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia de Pontevedra, dependente da Xunta de Galicia, declinou seguir formando parte do mesmo, fixéronse necesarias determinadas accións que en todo momento foron informadas e debatidas na Comisión de Calidade do centro. A primeira consecuencia foi que nese curso non se poido ofertar o módulo que dependía da mencionada Escola, posto que non se dispoñía de persoal docente, nin de tempo para re-emprazalo. A pesar deste cambio na oferta formativa o número de estudantado demandante do título superou o das prazas convocadas. En segundo lugar, debemos ter presente un cambio a máis longo prazo, que habería de implicar a modificación da Memoria, porque na anterior se recollía a participación da mencionada Escola. A partir desa base as opcións posibles eran dúas: ou ben manter o módulo que dependía dese centro substituíndo aos docentes, ou ben que na nova Memoria só se inclúsen dous módulos, cada un correspondente a un dos dous centros participantes no plano de estudos: a Facultade de Historia e a Escola de Enxeñaría de Minas, ambas as dúas da UVigo. Esta última opción foi a que se considerou máis acertada, especialmente porque o terceiro módulo foi concibido e desenvolvido en relación coa Escola de

Restauración. O paso seguinte foi a remodelación da Memoria, que pasou todos os trámites pertinentes, sendo enviada a versión definitiva en xullo de 2017.

O título interuniversitario do **mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade**, coordinado pola USC, introduciu un pequeno cambio na oferta formativa ao incluír dúas materias optativas novas impartidas por profesorado da UDC que se ofertarán no curso 2017-2018 e complementan a oferta formativa. Por outra banda, se modificaron os títulos de catro materias, accións que tiveron que ser reflectidas no plan de estudos de ambas universidades e na configuración da nova PDA. Por outra banda, realizáronse cambios na normativa do Traballo de Fin de Máster, que tiveron que ser consensuadas de tal xeito que se axusten aos procedementos académicos rexidos pola USC, pero sen incumprir a normativa xeral da UVigo, coa problemática dos diferentes calendarios.

- ✓ Descrición de modificacións ou cambios na documentación do sistema de calidade

En consonancia cun dos obxectivos prioritarios do centro relacionado coa simplificación da aplicación dos procedementos asociados á Calidade, en aras e conseguir unha maior eficacia e implicación por parte dos sectores implicados, leváronse a cabo modificacións relativas á planificación e desenvolvemento da ensinanza, en concreto o rexistro e a documentación relativa ao Procedemento para o seguimento e o control da docencia (DO-0201 P1); tamén se aprobou unha nova proposta do PAT (R1 DO-0203 P1) consistente en asignar un/ha titor/a por cada curso do grao e do mestrado, substituíndo a cuota dun número determinado de alumnas/os por docente; e modificouse o PAESU eliminando unha das tres fichas, xa que a acción recollida foi desenvolvida pola Área de Calidade da UVigo (enquisas aos graduadas/os).

Outros documentos foron actualizados dun xeito salientable para que reflexaran os cambios implantados, como o plan operativo de información pública (R1 DO-0301 P1) e o plan de promoción do centro (R1 DO-0202 P1).

Outros procedementos enviados dende a Área de Calidade no mes de xullo foron aprobados pola Comisión de Calidade e a Xunta de Centro de acordo coa axenda das accións de Calidade comúns da UVigo (setembro de 2018): Xestión do PAS (PE-01 P1), Xestión do PDI (PE-02 P1) e Planificación e desenvolvemento da ensinanza (índice 05)

- ✓ Descrición da análise e conclusións sobre a adecuación e eficacia do Plan estratéxico (en caso aplicable)

A facultade de Historia non conta cun plan estratéxico protocolarizado, en parte pola inminente aprobación prevista do Plan Estratéxico da UVigo que leva varios anos en fase de renovación. Esta situación, tal e como a debatemos na Comisión de Calidade, non implica que o centro non teña definidas as súas propias liñas estratéxicas, polo que estas foron definidas e aprobadas na mencionada Comisión (13/10/2016)¹. Esta situación foi exposta aos membros da Comisión de Certificación cando preguntaron sobre o plan estratéxico, e nas recomendacións incluíron a importancia de que se elaborara o dito proceso. Esta recomendación e o retraso manifesto da aprobación do Plan Estratéxico da UVigo, nos levaron a decidir, na primeira Comisión de Calidade do curso 2017-2018 a aprobación da súa elaboración. Aspecto que estamos a desenvolver coincidindo coa redacción do presente documento.

- ✓ Descrición doutros aspectos de interese.

Finalmente quixeramos comentar neste apartado introdutorio a intensa labor levada a cabo pola Comisión de Calidade durante todo o curso 2016-2017 no que coincidiron dous procesos sucesivos de avaliación externa relacionados co ámbito da Calidade: a Acreditación do grao en Xeografía e Historia, que acadou unha avaliación positiva, e a Certificación do Sistema, que tamén obtivo un informe favorable. Pola súa parte, tamén se desenvolveu o proceso de avaliación externa do mestrado interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade, coordinado pola USC, pero que implicou activamente tanto á coordinadora, como ao profesorado e alumnado do título, acadando tamén o informe favorable.

¹ http://historia.webs.uvigo.es/images/docs/facultad/actas_cc/Acta_CC_20161013.pdf

II. DATOS E ANÁLISE DOS RESULTADOS

II.1 Resultados acadados

Os datos que se presentan a continuación recollen os resultados do centro e de todas as súas titulacións oficiais tanto de grao como de mestrado adscritas, especificando cada unha delas. En concreto incluímos o Rexistro de resultados do panel de indicadores do SGC distinguindo os do centro dos do ámbito das titulacións que tamén aparecen singularizados.

II.1.1 Rexistro de resultados do panel de Indicadores do SGC:

Centro				
Panel de indicadores do SGC		<u>Existe Meta de calidade asociada?</u>	<u>Resultado Curso 2016/2017</u>	<u>Resultado Curso 2015/2016</u>
I01-MC	Certificación da implantación dos sistemas de calidade	Si	Conforme	Proceso de preparación
I05-MC	Grao satisfacción PAS	Non	Non hai datos	4,15/5
I01-DO	Seguimento das titulacións	Si: Mestrado Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural, avaliado pola ACSUG	Conforme	Conforme: Grao en Xeografía e Historia e Mestrado Valoración, Xestión... (Avaliacións UVigo)
I02-DO	Acreditación das titulacións	Si: Grao en Xeografía e Historia	Conforme	Proceso de preparación
		Si: Mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade avaliado pola ACSUG	Conforme	

Análise dos resultados do Centro

Todos as metas que se formularon en relación coa Política e Obxectivos de Calidade da facultade de Historia durante o curso 2015/2016 para o seu desenvolvemento no curso 2016/2017 foron acadadas. Centrándose en dous eixes fundamentais: o informe de Seguimento do mestrado, a Acreditación do grao e a Certificación do Sistema de Calidade, obtendo resultados positivos froito do gran esforzo realizado por todos os sectores implicados nos tres procesos.

Durante o curso 2015/2016 levouse a cabo por primeira vez por parte da Área de Calidade da UVigo a elaboración dunha enquisa de satisfacción dirixida ao sector do PAS. Nese mesmo curso descoñecíamos os resultados acadados polo que non se poido incluír nin no Panel de Indicadores, nin na Política e Obxectivos de Calidade. Aspecto que incluiremos no presente curso, tendo en conta que estas enquisas realízanse, ao igual que as PDI, cunha periodicidade bianual. En calquera caso hai que salientar o bo resultado acadado na dita enquisa, tal e como se recolle na táboa precedente.

Titulación		Grao en Xeografía e Historia ²		
		<u>Existe Meta de calidade asociada?</u>	<u>Resultado Curso 2016/2017</u>	<u>Resultado Curso 2015/2016</u>
I02-MC	Grao satisfacción estudiantado	Si: 3,75 sobre 5	2,74 2,90	3,33
I03-MC	Grao satisfacción profesorado	Si: 4,15 sobre 5	4,37 4,29	Non hai datos
I04-MC	Grao satisfacción persoas tituladas	Si: Non hai datos	3,99	3,21
I06-MC	Grao satisfacción empregadores	Si: Non hai datos	5	4,19 (Só existen datos globais UVigo)
I01-AC	Nota media de acceso		Gráfico 5 e táboa 2	Gráfico 5 e táboa 2
I01(2)-AC	Nota mínima de acceso		5,32	5
I02-AC	Ocupación	Si: 75%	73,33%	82,22%
I03-AC	Preferencia	Si: 75%	77,78%	93,33%
I03(2)-AC	Adecuación	Si: 95%	87,88%	97,30
I04-AC	Matrícula de novo ingreso por preinscripción (Evolución do estudiantado matriculado en cada curso a académico)	35	33	37
I03-DO	Participación do estudiantado nas enquisas de avaliación do profesorado		21,78 40,05	73%

²Cando para un mesmo indicador coexistan os dous plans de estudos o plan G250 (a extinguir) marcarase en cor vermella

I04-DO	Grao de satisfacción do estudiantado coa actividade docente do profesorado		4,23 4,04	3,82
I05-DO	Grao de satisfacción do estudiantado coa planificación e desenvolvemento do ensino	3,6/5	2,96 3,13	3,15
I06-DO	Grao de satisfacción do profesorado coa planificación e desenvolvemento do ensino	4,17/5	4,46 4,35	Non hai datos
I07-DO	Grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento do ensino	Non hai datos	4	2,67
I08-DO	Grao de satisfacción prácticas extracurriculares		4,80 de 5	4,65 de 5
I09-DO	Estudantes que participan en programas de mobilidade internacionais		6	7
I09(2)-DO	Estudantes estranxeiros		3	5
I10-DO	Duración media dos estudos	Non hai datos	4,33	4,68
I11-DO	Taxa de rendemento	Si: 72%	71%	70%
I12-DO	Taxa de abandono	Si: 10%	30,30%	15%
I13-DO	Taxa de eficiencia	92%	94%	90%
I14-DO	Taxa de gradación	Si: 40%	43,24	37,50%
I15-DO	Taxa de éxito	Si: 90%	90%	94%
I16-DO	Tempo medio para atopar emprego	Si: No hay datos	Non hai datos	Non hai datos
I17-PE	Porcentaxe de PAS en formación		80,39%	70,73%
I17(2)-PE	Profesorado en programas de formación		3	2
I02-PE	Cualificación do PDI		15 de 25	20 de 28
I03-PE	Resultados de investigación de carácter académico (Sexenios)		40	45
I03(2)-PE	Profesorado por categoría	Catedrático	1	1
		Titular	9	11
		Contratado Doutor	2	2

		Títular de escola univer.	1	1
		Asociado	5	6
		Contratado/a predoctoral Xunta	2	3
		Contratado/a FPU		1
		Contratado interino	2	
		Profesor/a sustituto/a	3	3
<u>II.1.2 Rexistro de resultados dos indicadores específicos do seguimento:</u>				
Indicadores de Seguimento			<u>Resultado/s Curso 2016/2017</u>	<u>Resultado Curso 2015/2016</u>
E3-I2	Perfil de ingreso do alumnado- Alumnado por titulación de procedencia	Bacharelato	*Datos en anexo 1 táboa 3	* Datos en anexo 1 táboa 3
I8	Resultados de avaliación docente	Participación	21,78 - 40,05	24,63 - 28,12
		Resultado	3,83 - 3,83	3,81 - 3,81
I9	% de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA (quinquenal)		1,02 % (o dato que se facilita é o que corresponde á porcentaxe de profesorado avaliado da facultade respecto ao total que participa na convocatoria quinquenal)	Non houbo convocatoria no programa de Docencia quinquenal neste curso
I10	Nº e % de profesorado que participa en programas de mobilidade	Nº	Non hai datos	Non hai datos
		%	Non hai datos	Non hai datos
I11	Distribución do alumnado por centro de prácticas	Nome da empresa Entidade		
			http://historia.uvigo.es/images/docs/docencia/pe/listado_practicas_ggh_2016-17.pdf	http://historia.uvigo.es/images/docs/docencia/pe/listado_practicas_ggh_2015-16.pdf

I14	Resultados de inserción laboral		Non hai datos	Non hai datos
I15	Media de alumnos por grupo de docencia	Tamaño grupos A	–	–
		Tamaño grupos B	25, 63	20,39
		Tamaño grupos C	18,31	20,39
		..		

Titulación		<u>Mestrado en Xestión, Protección e Valoración do Patrimonio</u>		
Panel de indicadores do SGIC		<u>Existe Meta de calidade asociada?</u>	<u>Resultado Curso 2016/2017</u>	<u>Resultado Curso 2015/2016</u>
I02-MC	Grao satisfacción estudantado	Si: 3,5%	3,37	3,34 (sobre 5)
I03-MC	Grao satisfacción profesorado	Si: 4,5%	4,43	Non hai datos
I04-MC	Grao satisfacción persoas tituladas	Si: Non hai datos	3,38	4,10
I06-MC	Grao satisfacción empregadores *Sólo existen datos globales Uvigo.	Si: Non hai datos	5 de 5 (Satisfacción dos titores das prácticas extracurriculares)	4,19*
I01-AC	Nota media de acceso		-	-
I01(2)-AC	Nota mínima de acceso		-	-
I02-AC	Ocupación	Si: 105%	100%	105%
I03-AC	Preferencia	Si: 200%	Non se aplica para os títulos de mestrado	Non se aplica para os títulos de mestrado
I03(2)-AC	Adecuación	Si: 100%	Non se aplica para os títulos de mestrado	Non se aplica para os títulos de mestrado
I04-AC	Matrícula de novo ingreso por preinscripción (Evolución do estudantado matriculado en cada curso a académico)	21	20	21
I03-DO	Participación do estudantado nas enquisas de avaliación do profesorado		Non hai datos	Non hai datos
I04-DO	Grao de satisfacción do estudantado coa actividade docente do profesorado		Non hai datos	Non hai datos

I05-DO	Grao de satisfacción do estudiantado coa planificación e desenvolvemento do ensino	4/5	3,43	3,14
I06-DO	Grao de satisfacción do profesorado coa planificación e desenvolvemento do ensino	3,5/5	4,41	Non hai datos
I07-DO	Grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento do ensino		4,00	3,17
I08-DO	Grao de satisfacción prácticas extracurriculares		5 de 5	4 de 5
I09-DO	Estudantes que participan en programas de mobilidade internacionais		1	0
I09(2)-DO	Estudantes estranxeiros		3	1
I010-DO	Duración media dos estudos		1,96	1,18
I011-DO	Taxa de rendemento	Si: 68%	67%	96%
I012-DO	Taxa de abandono	Si: 25%	4,76%	Non hai datos
I013-DO	Taxa de eficiencia	100%	80%	96%
I014-DO	Taxa de gradación	Si: 50%	70%	46,34%
I015-DO	Taxa de éxito	Si: 92%	98%	96%
I016-DO	Tempo medio para atopar emprego	Si: Non hai datos	Non hai datos	Non hai datos
I017-PE	Porcentaxe de PAS en formación		80,39%	70,73%
I017(2)-PE	Profesorado en programas de formación		3	3
I02-PE	Cualificación do PDI		14 de 24	19 de 38
I03-PE	Resultados de investigación de carácter académico (Sexenios)		34	31
I03(2)-PE	Profesorado por categoría	Catedrático		
		Titular	7	9
		Contratado Doutor	4	5
		Axudante	1	1
		Asociado	1	5
		Investigador axudante doutor	1	

		Contratado FPU		1
		Externo	10	16
II.1.2 Rexistro de resultados dos indicadores específicos do seguimento:				
Indicadores de Seguimento			<u>Resultado/s Curso 2016/2017</u>	<u>Resultado Curso 2015/2016</u>
E3-I2	Perfil de ingreso do alumnado- Alumnado por titulación de procedencia ³	Ámbito	*Datos en anexo 1 táboa 7	* Datos en anexo 1 táboa 7
I8	Resultados de avaliación docente	Participación	Non hai datos	Non hai datos
		Resultado		
I9	% de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA (quinquenal)		14,3%	Non houbo convocatoria no programa de Docencia quinquenal neste curso
I10	Nº e % de profesorado que participa en programas de mobilidade	Nº	Non hai datos	Non hai datos
		%	Non hai datos	Non hai datos
I11	Distribución do alumnado por centro de prácticas	Nome da empresa Entidade		
			http://historia.uvigo.es/images/docs/docencia/pe/listado_practicas_mhtco3_2016-17.pdf	http://historia.uvigo.es/images/docs/docencia/pe/listado_practicas_mhtco3_2015-16.pdf
I14	Resultados de inserción laboral		Non hai datos	Non hai datos
I15	Media de alumnos por grupo de docencia	Tamaño grupos A	14,13	15,81
		Tamaño grupos B	14,13	15,81
		Tamaño grupos C	14,13	

³ Dado que a información subministrada pola Unidade de estudos e programas da UVigo combina medias en base 10, en base 4 e a media da selectividade, resulta imposible realizar un estudo de conxunto.

Análise dos resultados das titulacións

- *Resultados académicos*

No grao en Xeografía e Historia, no curso 2016/2017, matriculáronse en primeiro curso, en primeira matrícula un total de 33 estudantes, un número que case coincide coa media do trienio (35) que se estende desde o curso 2014/2015 (gráfico 1). Pensamos que o feito de non acadar o número mínimo esixido pola Xunta relaciónase co feito de que aínda non puido ser difundido o novo grao, recén implantado, coas características que se definen no plan de viabilidade, como é a modalidade semipresencial.




Gráfico 1. Matricula do Grao en Xeografía e Historia

Así mesmo, durante ese curso, traballouse tanto para acadar o Plan Conxunto entre o grao de Turismo e Xeografía e Historia con vistas ao incremento da matrícula, como na difusión das modalidades presencial e semipresencial. De feito neste último aspecto obsérvase unha tendencia gradual cara ao incremento en relación cos dous cursos precedentes, acadándose no 2016/2017 un 20,4% (gráfico 2).




Gráfico 2. Alumnado matriculado na modalidade semipresencial no Grao en Xeografía e Historia

A representación gráfica do número de estudantes matriculado por primeira vez, presenta unha tendencia coincidente coa da taxa de ocupación (gráfico 3) e a taxa de preferencia (gráfico 4)




Gráfico 3. Taxa de ocupación do Grao en Xeografía e Historia




Gráfico 4. Taxa de preferencia do Grao en Xeografía e Historia

Pola súa banda no caso da implantación do Plan Conxunto se detraerían 5 estudantes do global fixado en 45. Ao analizarmos o perfil de ingreso, confírmase a tendencia manifestada en cursos pasados (táboa 1 e 2) de que a maioría accede a través da PAAU e en segundo termo, a unha distancia moi considerable, logo de realizar estudos de Formación Profesional.

Modalidade de ingreso	Curso académico			Total por modalidade	
	2014/2015	2015/2016	2016/2017	nº	%
Procedentes de Ensino Secundario- Con PAAU	26	24	27	77	73,33
Título de Licenciado/a		1	2	3	2,86
Procedentes de Formación Profesional	4	10	4	18	17,14
Técnico Superior en Artes Aplicadas e os seus Homologados		1	1	2	1,90
Título de Diplomado/Mestres	2			2	1,90
Acceso para maiores de 25 anos		1		1	0,95
Acceso para maiores de 40 anos	1			1	0,95
Acceso por validación de estudos extranxeiros			1	1	0,95
Total	33	37	35	105	100,00

Táboa 1. Modalidade de ingreso do estudantado do Grao en Xeografía e Historia

Curso	Modalidade de ingreso	Estudos de acceso	Nota media acceso Home	Nota media acceso Muller	Nota media acceso Promedio
2014/2015	Alumnado con título de bacharel ou	Bacharelato (LOE) e Selectividade. Ciencias e Tecnoloxía	6,398	6,240	6,319

	equivalente do sistema educativo español - con probas	Bacharelato (LOE) e Selectividade. Humanidades e Ciencias Sociais	6,455	7,122	6,788	
		Bacharelato LOXSE e Selectividade. Humanidades e Ciencias Sociais	5,751	6,060	5,906	
		COU (LXE) e Selectividade. Científico Tecnolóxico		6,890	6,890	
		COU (LXE) e Selectividade. Ciencias Sociais	5,360		5,360	
		COU (LXE) e Selectividade. Humanístico Lingüística	7,200		7,200	
	Título de Diplomado/Mestres	Mestre-Especialidade en Educación Primaria	5,929		5,929	
		Mestre-Especialidade en Lingua Estranxeira			0,000	
	Títulos oficiais de técnico superior de formación profesional	Administración: Administración e Finanzas		6,286	6,286	
		Comercio e Marketing: Comercio Internacional		5,900	5,900	
		Sanidade: Saúde Ambiental	7,300		7,300	
		Enerxía e auga: Eficiencia enerxética e enerxía solar térmica	6,830		6,830	
	Acceso para maiores de 40 anos	Acceso para maiores de 40 anos			0,000	
	2015/2016	Alumnado con título de bacharel ou equivalente do sistema educativo español - con probas	Bacharelato (LOE) e Selectividade. Ciencias e Tecnoloxía	6,672		6,672
			Bacharelato (LOE) e Selectividade. Humanidades e Ciencias Sociais	7,252	7,910	7,581
			Bacharelato LOXSE e Selectividade. Humanidades e Ciencias Sociais		7,020	7,020
COU (LXE) e Selectividade. Científico Tecnolóxico			6,135		6,135	
COU (LXE) e Selectividade. Biosanitaria				6,300	6,300	
COU (LXE) e Selectividade. Ciencias Sociais			5,800	6,880	6,340	
COU (LXE) e Selectividade. Humanístico Lingüística				6,957	6,957	
Título de Licenciado		Licenciado en Psicopedagogía		6,940	6,940	
Acceso para maiores de 25 Anos		Probas de acceso á universidade para maiores de 25 anos (LOE). Opción Ciencias Sociais e Xurídicas	5,040		5,040	
Títulos oficiais de técnico superior de formación profesional		Administración: Administración e Finanzas	5,000	7,170	6,085	
		Hostalería e Turismo: Información e Comercialización Turísticas		7,850	7,850	
		Informática: Desenvolvemento de Aplicacións Informáticas	5,000		5,000	
		Mantenemento de Vehículos Autopropulsados: Automoción	5,191		5,191	
		Servizos Socioculturais e á Comunidade: Integración Social	9,700		9,700	
		Fabricación mecánica: Programación da produción en fabricación mecánica	5,830		5,830	
	Xestión forestal e do medio natural	8,000		8,000		
Títulos de técnico superior en artes plásticas e deseño e os seus homologados	Deseño Gráfico: Fotografía Artística	6,200		6,200		
2016/2017	Alumnado con título de bacharel ou equivalente do sistema educativo español - con probas	Bacharelato (LOE) e Selectividade. Ciencias e Tecnoloxía	5,639		5,639	
		Bacharelato (LOE) e Selectividade. Humanidades e Ciencias Sociais	6,693	5,018	5,856	
		Bacharelato (LOE) e Selectividade. Artes. Artes plásticas, deseño e imaxe		7,764	7,764	
		Bacharelato LOXSE e Selectividade. Humanidades e Ciencias Sociais	5,810	8,590	7,200	
		COU (LXE) e Selectividade. Ciencias Sociais		6,190	6,190	

	COU (LXE) e Selectividade. Humanístico Lingüística		5,610	5,610
	Bacharelato (LOE) e Selectividade. Estranxeiro	7,180		7,180
Título de Licenciado	Licenciado en Administración e Dirección de Empresas	6,179		6,179
	Licenciado en Filosofía e Ciencias da Educación	5,000		5,000
Por equivalencia, homologación ou validación parcial de estudos estranxeiros	Credencial de homologación do título de formación profesional		5,000	5,000
Títulos oficiais de técnico superior de formación profesional	Administración: Administración e Finanzas	6,000		6,000
	Electricidade e Electrónica: Sistemas de Telecomunicación e Informáticos	6,200		6,200
	Servizos Socioculturais e á Comunidade: Educación Infantil		7,040	7,040
	Proxectos de obra civil	5,540		5,540
Títulos de técnico superior en artes plásticas e deseño e os seus homologados	Deseño Gráfico: Gráfica Publicitaria	5,900		5,900

Táboa 2. Modalidade de ingreso e nota media de acceso do estudantado do Grao en Xeografía e Historia

No que se refire a nota media de acceso, resulta ser lixeiramente máis baixa que no conxunto do trienio analizado (gráfico 5 e táboa 2), situándose de media nun 6,15, ademais confírmase, como nos dous cursos precedentes) o dato de que a media das alumnas é máis elevada que a dos alumnos.




Gráfico 5. Nota media de acceso ao Grao en Xeografía e Historia

A análise de todo o estudiantado matriculado no grao ofrece os seguintes datos: como ven sendo norma, a maioría proceden da cidade Ourense e a súa área de influencia, a provincia (63,5%); en segundo lugar sitúase Vigo e a súa comarca, ás que se lle sumamos os procedentes do resto da provincia de Pontevedra, alcanza o 24%; nun terceiro lugar, máis afastado, atópase a provincia da Coruña, cun 8%. Estas cifras indican que o proceso de difusión do grao debe centrarse na zona sur da nosa comunidade autónoma, xa que é evidente a maior capacidade de captación do alumnado na Galicia meridional (gráfico 6).




Gráfico 6. Lugar de procedencia do alumnado matriculado no Grao en Xeografía e Historia no curso 2016/2017

A nivel xeral pode observarse no Grao en Xeografía e Historia como tres dos cinco indicadores relativos a este apartado (I011-DO, I012-DO, I013-DO, I014-DO e I015-DO), os valores propostos como metas para o curso 2016/2017 se acadan: respecto á taxa de rendemento acádase un 71%, sendo a meta estipulada de un 72% e na taxa de eficiencia sobre unha meta prevista dun 92%, o valor acadado sitúase no 94% e no caso da taxa de éxito o valor proposto como meta dun 90% coincide exactamente co resultado obtido (gráfico 7).




Gráfico 7. Taxas de éxito, eficiencia e avaliación no Grao en Xeografía e Historia

Queremos salientar de xeito especial os resultados da taxa de graduación (gráfico 8) (un dos aspectos que recoñecemos que aínda debemos mellorar), xa que sobre unha meta fixada nun 40% acadouse un 43,24%, case 7 puntos por riba do curso 2015/2016.




Gráfico 8. Taxa de graduación no Grao en Xeografía e Historia

Sen embargo na taxa de abandono quedamos lonxe da meta proposta que estaba prevista nun 10%, tendo en conta a evolución precedente posto que se acadara o 15% no curso 2015/2016, último dato da cohorte 2013/2014. O dato cohorte 2014/2015, que computa no 2016/2017, sitúase nun valor certamente elevado: 30,30%. A hipótese

que manexamos é que podería obedecer á tendencia xa observada no primeiro curso da implantación dun plan novo, tal como sucedeu no curso 2011/2012 que se alcanzou unha taxa de abandono do 39,13% e que progresivamente foi diminuindo ata se situar no mencionado 15%. Á vista da tendencia descrita, cremos que é bastante probable que este valor comece a descender a partir do vindeiro curso e así será analizado no seguinte Informe de Revisión pola Dirección (gráfico 9).




Gráfico 9. Taxa de abandono no Grao en Xeografía e Historia

Na seguinte táboa sintetízanse os resultados acadados na taxa de rendemento segundo o número de materias no grao en Xeografía e Historia:

Taxa de rendemento	Curso 2014/2015	Curso 2015/2016	Curso 2016/2017	
			G250	G251
100%:	27	9	14	2
99% al 90%:	4	4	3	6
89% al 80%:	9	14	3	8
79% al 70%:	15	8	6	4
69% al 60%:	11	11	1	3
59% al 50%:	6	9	6	3
inferior al 50%:	2	9	4	4

Táboa 3. Taxa de rendemento no Grao en Xeografía e Historia

O primeiro aspecto a destacar é que durante o curso 2016/2017 un 37,3% do total das materias cursadas acadan unha taxa de rendemento superior ao 90%, practicamente duplicando este valor con respecto ao curso pasado. No segundo tramo correspondente unha taxa de rendemento entre o 60 e 89%, atópase outro 37,3% do total de materias. Constátase polo tanto que case o 75% do total acaba unha taxa superior ao 60% e case un 55% (53,73%) superior ao 80%. Por outra banda, consideramos que se debe reducir a porcentaxe de materias cunha taxa inferior ao 50%, xa que o descenso que se percibe respecto ao curso anterior aínda resulta moi lixeiro e, en consecuencia, non satisfactorio (12%), máxime se temos en conta os valores de cursos anteriores (p.ex.: 2014/2015: 3%). En relación con esta cuestión –e tendo en conta o anteriormente exposto con respecto a outros indicadores de eficiencia e éxito– podemos valorar os resultados do grao de satisfacción do estudantado coa planificación e desenvolvemento do ensino, que no curso 2015/2016 se situaba en 3,15 sobre 5 polo que fixamos unha meta en 3,6 que non foi alcanzada en ningún dos dous plans de estudo vixentes (I05-DO). Este dato implicará non só unha revisión da meta, senón dos motivos.

En relación co mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural se realiza unha análise pormenorizada no autoinforme de Acreditación do título, se ben consideramos importante resaltar neste documento certos aspectos. Neste se tomamos os ítems de referencia (I011-DO, I012-DO, I013-DO, I014-DO e I015-DO) observamos os seguintes aspectos: a taxa de abandono (táboa 4) mantense en 4,76 % (a meta proposta era do 25%).

Curso	% Abandono
2016/2017	4,76%

Táboa 4. Taxa de abandono do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural (Este máster comezou a impartirse no curso 2014/2015, por definición de momento sómentes hai datos da citada taxa para o curso 2016/2017)

Na taxa de gradación (gráfico 10) se aprecia un incremento ata un 70% (a meta proposta era de 50%)




Gráfico 10. Taxa de graduación no Mestrado Universitario en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

A taxa de éxito (gráfico 11) practicamente se mantén, ao subir dous puntos sobre o curso precedente, acadando un 98% (meta de 92%).




Gráfico 11. Taxa de éxito no Mestrado Universitario en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Por outra banda apreciamos un descenso na taxa de eficiencia (gráfico 12) que baixa do 96% ao 80%, sobre unha meta do 100%.




Gráfico 12. Taxa de eficiencia (taxa de rendemento dos/as egresados/as universitarios/as) no Mestrado Universitario en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Así mesmo, nesta outra táboa sintetízanse os resultados da taxa de rendemento segundo o número de materias no mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural. No curso 2017 non se ofertou un dos módulos polo que o número de materias foi de 18 en lugar de 24.

Taxa de rendemento	Curso 2014/2015	Curso 2015/2016	Curso 2016/2017
100%	2	3	0
99% al 90%	3	6	0
89% al 80%	7	9	3
79% al 70%	5	2	13
69% al 60%	4	2	1
59% al 50%	2	2	0
inferior al 50 %	1	0	1

Táboa 5. Taxa de rendemento segundo o número de materias no mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Case que o 90% das materias (88,88%) están por riba dunha taxa de rendemento do 70%, mentres que no curso anterior superaban o 70% en torno ao 83%, observándose unha lixeira melloría neste aspecto, se ben é certo que unha materia está por debaixo do 50%, observándose un descenso nos tramos de rendemento máis elevado respecto do curso anterior. Este aspecto deberá ser analizado tanto pola Comisión Académica do Mestrado, como pola Comisión de Calidade. Facemos notar que, a pesar desta baixada, o grao de satisfacción do estudiantado coa planificación e desenvolvemento do ensino acadou un 3,43, mentres que no curso 2015/2016 se situaba en 3,14 sobre 5 – polo que fixamos unha meta dun 4 que non foi alcanzada, (I05-DO).

- *Recursos humanos*

Personal Docente e Investigador

Tanto na páxina web da Facultade:

(<http://historia.uvigo.es/gl/docencia/profesorado>), como na do mestrado: (<http://masterhtco3.webs.uvigo.es/gl/docencia/profesorado>) recóllese a información fundamental do PDI, incluíndo o seu perfil investigador, as materias que imparte e o seu contacto, e, no caso da facultade, tamén a súa ubicación e as horas de titorías.

En relación co grao mantense practicamente o mesmo número de profesorado que durante o curso 2015/2016, se ben unha profesora titular disfrutou dun sabático que foi cuberto con dúas prazas de listas de agarda. Así mesmo o exceso de créditos da área de Historia Antiga derivado do cargo de decana, foi cuberto cunha praza de profesora Asociada. Tamén certas incidencias, como unha baixa, esixiron a contratación dun profesor invitado, tras o axuste do POD da área afectada. En consecuencia, o alumnado sempre tivo a docencia debidamente cuberta, se ben é certo que seguemos cunha carencia de profesorado fixo que como en ocasións anteriores desexamos manifestar neste informe de Revisión o noso desacordo ca existencia de contratos temporais. O sentir do profesorado é dunha carga docente importante, á que hai que engadir a titorización de Practicas Externas e de TFG, así como a pertenza a tribunais de traballos académicos. O profesorado contratado non ten obriga de asumir estas tarefas, polo que depende da súa vontade. Pensamos que esta decisión ten que estar relacionada coas obrigas docentes e polo tanto demandamos a convocatoria de prazas estables. Nesta demanda inclúese a necesidade de persoal para ocupar cargos de xestión. A pesar desta realidade, conséntase un traballo eficaz e intensivo de todo aquel profesorado contratado que nalgún caso

colabora coas tarefas de coordinación. En xeral o profesorado do grao participa en programas de formación, dirixe ou integra proxectos de investigación relacionados coas súas áreas de especialización, e intervén en tarefas de divulgación e cumpren con rigorosidade coas tarefas e os prazos prescritos. No curso 2016-2017 impartiron docencia no grao en Xeografía e Historia 25 profesores e profesoras, dos cales hai 1 catedrático, 9 titulares de universidade, 1 titular de escola, 2 contratadas doutoras, 5 asociados/as, 2 contratados/as predoutorais, 2 contratados/as interinos/as e 3 profesores substitutos. O número total de doutores/as no mencionado curso é de 19. Hai profesoras e profesores do grao que xa hai algúns anos que obtiveron a acreditación da ANECA (1 a catedrática e 3 a titulares), pero aínda non lograron prazos de promoción de categoría nas convocatorias feitas pola universidade.

En relación coa modalidade semipresencial, algún profesorado realizou unha acción formativa vinculada coa gravación das aulas impartido por el persoal de UVigo TV, xa que durante o segundo cuadrimestre levouse a cabo un proxecto piloto coa gravación de dúas materias, unha de 1º curso e outra de 2º. Pensamos que esta é unha vía interesante en relación coa citada modalidade.

O número de sexenios do profesorado a tempo completo é de 49, é dicir 4 máis que no curso precedente. Pensamos que esta *ratio* (3,77) é altamente satisfactoria para un centro coas características do PDI sinalado, e pon de manifesto o alto nivel e calidade da produción investigadora da plantilla (gráfico 13).




Gráfico 10. Sexenios e quinquenios do profesorado con docencia no Grao en Xeografía e Historia

As enquisas de avaliación docente do profesorado permiten comprobar como o índice de satisfacción do estudantado en relación co profesorado (I04-DO) é de 3,88/5, case que idéntico que no curso precedente.

A páxina web do mestrado contén información sobre as/os docentes (<http://masterhtco3.webs.uvigo.es/gl/docencia/profesorado>). O profesorado que participa conta coa cualificación esixida para a súa impartición e a atención debida ao estudantado. Ao tratarse dun título multidisciplinar, o persoal académico está formado tamén por docentes e investigador/as de outras universidades do SUG, así como profesionais especializadas/os con experiencia nos respectivos campos. No curso 2016-2017, como consecuencia dos cambios operados con respecto as atribucións do profesorado externo a UVigo, as/os docentes vencellada/os á Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia (ESCRBCG) decidiron, ao remate do curso precedente, non asumir a carga docente que tiñan asignada. Dada a premura desta decisión, non foi posible a súa substitución polo que a Comisión Académica, xunto coa Comisión de Calidade e a Xunta de Centro optaron por non ofrecer o módulo que tiñan asignado, avisando ao estudantado interesado antes de efectuar a matrícula. Este cambio non afectou a evolución da matrícula. De feito, durante o curso 2016-2017 se mantivo a ratio dunha demanda superior á oferta. En total foron 25 profesoras/es as/os que impartiron docencia –dos cales 10 eran externos-, fronte ás/os 37 do curso anterior. A Universidade de Vigo distribúe nos orzamentos dos mestrados unha cantidade en función do número de alumnas/os, que permite contar con profesorado externo a quen se lle abonan as horas de docencia impartidas. Tanto o profesorado interno como externo, un total de 25, está composto por docentes e investigador/as (84% son doutores/as).

II.2.3.2 Resultados relacionados co sector dos PAS

Durante o curso 2016/2017 a Xerencia da Universidade de Vigo emprendeu unha serie de reformas drásticas na Relación de Postos de Traballo (RPT) que non era actualizada no campus de Ourense dende un tempo moi prolongado. Esta situación de tránsito estivo moi presente entre o sector dos PAS, tanto laborais como funcionarios, durante todo o curso académico, debido aos grandes cambios que acarreamos a nova proposta (destinos diferentes, novas unidades de traballo e nova distribución de espazos) que xerou bastante controversia. Os servizos continuaron desenvolvendo as súas funcións, aínda que a incertidume era evidente no ambiente e así o percibiu tamén o sector PDI. En realidade os cambios contidos na nova RPT non afectaron fundamentalmente ao curso 2016/2017 posto que entrou en vixencia a finais do mes de xuño. Se ben é certo que a valoración en profundidade das posibles consecuencias,

tanto no Centro como no seus títulos, farémola no vindeiro informe relativo ao curso 2017/2018, que foi realmente cando se fixo efectivo. Nunha primeira valoración, cabe resaltar a substitución da secretaria administrativa do centro que, neste caso, formaba parte do equipo decanal, polo que, como xa indicamos, este tivo que ser remodelado. Así mesmo desapareceron a Secretaría de Alumnado específica do centro, o responsable de Asuntos Económicos propio tamén do Centro, a secretaria do Departamento de Historia, Arte e Xeografía e a administrativa dedicada a asuntos de posgrao do noso Centro e da facultade de Ciencias de Educación. En lugar destes postos vinculados a centros, se crearon unidades administrativas de Apoio a Centros e a Departamentos, Unidades Económicas, de Posgrao e de Investigación que atenden ao campus no seu conxunto. Obviamente, estes cambios que xa foron obxecto de reflexión por parte dos membros da Comisión de Calidade e da Xunta de Facultade, volverán a ser valorados unha vez que se atopen máis asentados.

Para o curso 2016/2017 non contamos con datos para avaliar o grao de satisfacción deste colectivo (I05-MC) xa que as enquisas teñen un carácter bianual. En relación coa porcentaxe de participación das accións formativas (I017-PE) observouse un incremento de case que 10 puntos con respecto ao curso precedente (pasándose dun 70,73% ao 80,39%), o cal confirma que a situación sinalada en relación coa RPT non se deixou sentir no grao de formación do PAS (gráfico 14).




Gráfico 14. Porcentaxe de participación do PAS vinculado á facultade de Historia en cursos de formación

- *Recursos materiais*

En xeral, as infraestruturas e o conxunto dos recursos materiais de que dispón a facultade de Historia seguen a ser suficientes para el desenvolvemento do programa formativo do grao en Xeografía e Historia e do mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural. Igual que nos cursos precedentes planificouse a asignación de aulas por curso, introducindo unha destacable modificación que afectou á aula de 4º curso que se desprazou debido ao acondicionamento do espazo para a gravación das clases. Para impulsar a modalidade semipresencial, o decanato da Facultade de Historia obtivo financiación da Vicerreitoría de Planificación e Desenvolvemento da UVigo para a instalación do material necesario en relación co Proxecto Piloto de gravación de clases co fin de facilitar o acceso ao material docente ao estudantado. Esta acción realizouse conxuntamente co servizo de UVigo TV. Por outra banda, investiuse no laboratorio de informática, cada vez máis utilizado no desenvolvemento da docencia, e renovouse igualmente parte dos seus equipos. Así mesmo, o Centro asumiu os gastos do profesorado que precisou actualizar o seus equipos informáticos.

Aínda que estes recursos materias son suficientes, é importante sinalar que hai necesidade de certas melloras, tal e como se detecta na valoración que realizan as/os usuarias/os. Así, continuamos a recibir queixas, tanto do alumnado como do profesorado, respecto á temperatura de determinadas aulas, especialmente as orientadas ao norte; outras referidas á incomodidade dos asentos das aulas con bancadas fixas e a necesidade de máis enchufes que permitan a conexión dos aparatos electrónicos. A solución destas demandas non depende do orzamento do Centro, senón da vicerreitoría do campus de Ourense, que en función das súas posibilidades vai realizando as melloras, dun xeito que consideramos máis lento do desexable.

O feito de compartir os espazos tanto da docencia como dos despachos e da administración ca facultade de Ciencias de Educación resulta moi positivo porque as relacións entre ambos os dous centros son cordiais e sempre colaborativas, polo que os recursos propios son sempre, na medida do posible, compartidos.

A adiantada construción do edificio de Campus Auga traerá cambios importantes na organización e ocupación dos espazos, xa que os servizos centrais do campus mudan para a nova edificación. Estes cambios serán efectivos no curso 2017/2018.

Na mesma liña que en cursos anteriores a maioría do PDI dispón de despachos individuais que permiten desenvolver axeitadamente as tarefas docentes e

investigadoras. Pola súa parte o PAS conta con espazos compartidos que lle permiten atender as súas tarefas.

Os espazos comúns ao campus, como as salas de estudo, aulas informáticas de libre acceso, salas de conferencia, a biblioteca, o pavillón de deportes, etc., son suficientes para as necesidades da comunidade universitaria e compren coas condicións que se requiren para as actividades específicas.

Os datos relativos aos recursos materiais en relación coas enquisas de satisfacción do alumnado son no plan antigo 2,5 e para o plan novo 2, en ámbolos dous casos sobre 5. Constatamos unha tendencia cara a baixa, que vense manifestando sobre os cursos precedentes, sendo máis acusado no curso 2016-2017. Apréciase como as preguntas con puntuación menor (15 e 16) relativas aos espazos do Edificio Facultades están en consonancia coas queixas recibidas en relación ao acondicionamento das aulas, tanto en ergonomía como en temperatura, especialmente nas aulas orientadas ao norte. Estas demandas son reenviadas á Vicerreitoría do campus de Ourense, pero para subsanalas requírese un elevado orzamento, de modo que se están comentando dun xeito progresivo, cun ritmo que non satisface as demandas do estudiantado. Respecto aos laboratorios da aula de informática, a finais do curso 2016-2017 actualizáronse varios equipos. Pola súa banda, en relación a este ítem, obsérvase entre o profesorado unha percepción notablemente distinta, incluíndo nesta valoración os despachos sitúase o resultado nun 4,3 sobre 5 nas dúas modalidades de grao, cunha leve melloría respecto ao curso 2014-2015.

As instalacións onde o estudiantado realiza as súas prácticas externas, tanto do grao como do mestrado, se consideran adecuadas. Durante os contactos previos á firma dos convenios e a redacción do programa formativo a coordinación infórmase do lugar onde se executarán, e, en xeral, o estudiantado non manifesta queixas respecto ao mesmo.

Para a modalidade semipresencial habilitouse, coa axuda da Vicerreitoría de Economía e Planificación, unha aula onde se poden gravar as clases durante ou fóra do horario docente.

A docencia do mestrado en Valoración, Xestión e Restauración do Patrimonio Cultural é semipresencial, polo que non se requiren espazos convencionais, como aulas, xa que as sesións impártense a través de videoconferencia, ou multivideoconferencia a través da plataforma e-Meeting, contando para eso co apoio dos servizos centrais da UVigo-TV. Os principais recursos materias que se precisan son

equipos informáticos dotados de cámara web e auriculares con micro integrado, recursos que o centro provee ao profesorado.

A docencia do mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade impártese integramente na facultade de Xeografía e Historia da USC sita en Santiago de Compostela. Durante curso 2016-2017 trasladouse a un aula con mellores características que en anos anteriores.

- *Inserción laboral*

Os estudos de inserción laboral se coordinan dende a Xunta de Galicia e, polo momento, non contamos con datos específicos respecto ás titulacións integradas na Facultade

II.1.3 Resultados das enquisas de satisfacción das titulacións oficiais

A continuación, recóllense os resultados xerais do Gra en Xeografía e Historia de dous cursos (índice de participación, satisfacción, ítems mellor valorados e ítems peor valorados) extraídos das enquisas de satisfacción que se realizan a todos os colectivos da Universidade (ao PDI e os PAS en anos alternos; ao estudiantado do grao de 3º curso todos os anos).

Grao en Xeografía e Historia ⁴					
	Curso	Participación	Satisfacción xeral	Ítems mellor valorados	Ítems peor valorados
Alumnado	16/17	65,00% 70,83%	2,74 2,90	Información dispoñible sobre o desenvolvemento do ensino e avaliación das aprendizaxes, (Horario, calendario, exames, etc.): 3,53 Información pública sobre as competencias do plan de estudos: 3,52 Calidades das probas de avaliación: 3,50 Calidade da docencia na titulación: 3,45	Accións desenvolvidas ao PAT: 2,14 Laboratorios, aulas de informática, obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento: 1,75
	15/16	74,55%	3,33	Inf. Sobre planificación e desenvolvemento do ensino: 3,87 Recursos materiais (fondos bibliográficos): 3,83	Orientación profesional e laboral: 2,93
Personal titulado	15/16	32%	3,99	As competencias do plano de estudos, a formación, a información e orientación recibida: 5,00 A organización das materias: 5,00 A adecuación do profesorado: 5,00 Os servizos (sec. de alumnado e biblioteca): 5,00 Os resultados e a xestión da calidade: 5,00	A orientación profesional e laboral: 4,33

⁴ * Plano de estudos G250

PAS	15/16	75%	3,92	Información xeral sobre o centro e a titulación: 4,33	Xestión da calidade: 3,08
Profesorado	16/17	88,89% 86,95%	4,43 4,37	A información dispoñible sobre o desenvolvemento do ensino e a avaliación da aprendizaxe: 4,85 e 4,88 A información dispoñible dos obxectivos xerais e competencias dos plano de estudos: 4,75 e 4,80	A adecuación das competencias do título co desenvolvemento profesional do estudiantado: 3,90 A coordinación entre as materias do plan de estudos: 3,58

Táboa 7. Resumo resultados enquisas satisfacción no Grao en Xeografía e Historia

O índice de participación do alumnado do grao, a pesar de que se observa certo descenso en relación co curso anterior, resulta moi aceptable (65% plan vello e 70,83% plan novo), especialmente se pensamos na reticencia deste colectivo á hora de responder as enquisas. Así mesmo se detecta unha maior predisposición por parte do alumnado do plan novo. En calquera caso este índice permite extraer conclusións sobre as enquisas realizadas. En relación coas enquisas do profesorado, o índice de participación acadado é realmente satisfactorio, situándose no plano antigo no 88,88% e no novo un 86,95% (gráfico 15).




Gráfico 15. Participación nas enquisas de satisfacción do Grao en Xeografía e Historia (As enquisas do profesorado son bianuais. Non hai enquisas para o curso 2015/2016)

O índice de satisfacción xeral do alumnado descende lixeiramente en relación co curso precedente, situándose no plan vello en 2,74 e no novo en 2,90. Nestes casos a un grao de participación maior se constata un índice de satisfacción xeral maior. En relación coas enquisas do profesorado as respostas manifestan un elevado índice de satisfacción xeral: 4,37 e 4,29.




Gráfico 16. Grao satisfacción do Grao en Xeografía e Historia (As enquisas do profesorado son bianuais. Non hai enquisas para o curso 2015/2016)

Os aspectos peor valorados, entre o estudiantado, partindo do listón do 2,5 que consideramos o “aprobado”, no plano novo son tres ítems (organización temporal das materias e os aspectos xa comentados do acondicionamento das aulas e dos laboratorios de informática –o máis baixo, con 1,75-) e seis no plano antigo (desenvolvemento do PAT –o máis baixo con 2,14-, orientación profesional, difusión de actividades extracurriculares, acondicionamento das aulas de informática, dispoñibilidade de fondos bibliográficos e a plataforma de teledocencia). É indubidable a diferenza de percepción entre estudantes que comparten características practicamente idénticas, xa que a docencia do plano vello se integra na do plan novo por ser, a grande maioría, materias idénticas que amosan os mesmos recursos. Podemos comentar os seguintes aspectos: o acondicionamento das aulas, tal e como explicamos, non depende do orzamento do centro; a finais do pasado curso renováronse parte dos equipos informáticos, nun plan de mellora continua que se inclúe no plan de melloras do centro; o PAT tamén foi obxecto de reformulación a finais do curso pasado, simplificando o proceso en aras dunha mellor operatividade e os recursos de teledocencia melloraron coa gravación de algunhas aulas cos conseguíntes equipos. No extremo oposto, sitúanse as puntuacións dos ítems que superan o 3, pero non o 3,55. No plano vello son seis, e nove no plano novo. Unha vez máis non son abundantes as coincidencias. A pesar das similares circunstancias, o ítem mellor valorado no plano antigo é o desenvolvemento de ensino e a avaliación das aprendizaxes, seguido da información pública sobre as competencias. Pola súa banda,

no plano novo, o mellor valorado é a calidade das probas de avaliación, seguido da calidade da docencia na titulación. As diferencias máis marcadas constátanse na valoración dos horarios, na mellora da Calidade, nas competencias adquiridas que son mellor valoradas polo alumnado do plano antigo; mentres á coordinación entre materias, unha boa relación entre a teoría e as prácticas e a difusión das actividades extracurriculares (un dos ítems peor valorados, en cambio, no plano vello), merecen mellor puntuación por parte do alumnado do novo plano.

Os resultados acadados nas enquisas do profesorado manifestan tamén un elevado índice de satisfacción nas respostas por preguntas (superando o 4,5 en trece ítems no plano vello e en oito no plano novo). O único ítem que se sitúa por debaixo do 4 (3,9) no plano vello, refírese a adecuación das competencias do título co desenvolvemento profesional do estudiantado e no plano novo (3,58) á coordinación entre materias.

A continuación, recóllense os resultados xerais do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio de dous cursos (índice de participación, satisfacción, ítems mellor valorados e ítems peor valorados) extraídos das enquisas de satisfacción que se realizan a todos os colectivos da Universidade (ao PDI e os PAS en anos alternos; ao estudiantado todos os anos).

Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio

	Curso	Participación	Satisfacción xeral	Ítems mellor valorados	Ítems peor valorados
Alumnado	16/17	22,14%	3,37	Plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia: 4,35 Calidade da docencia na titulación: 4,25	Proporción entre as clases teóricas e as prácticas: 2,20
	15/16	41,00%	3,34	Inf. Dispoñible sobre las competencias do título: 4	Orientación temporal de materias del plan de estudos: 2,71
Persoal titulado	15/16	53%	3,85	As competencias do plano de estudos, a actualidade da formación: 3,00 A organización temporal das materias, a metodoloxía do ensino empregadas, 3,00 A adecuación do profesorado: 3,00 As infraestruturas, os servizos (sec. de alumnado e biblioteca): 3,00 A adecuación da formación recibida: 3,00	A estancia na Universidade de Vigo no transcurso da titulación: 0,00
PAS	15/16	75%	3,92%	Información xeral sobre o centro e a titulación: 4,33	Xestión da calidade: 3,08
Profesorado	16/17	63,99%	4,43	As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia: 4,75 O calendario das probas de avaliación: 4,67	A proporción entre as clases teóricas e as prácticas: 4,06

Táboa 8. Resumo resultados enquisas satisfacción no Mestrado en Valoración, Xestión e Patrimonio Cultural

O primeiro aspecto a comentar é a baixada do índice de participación do estudiantado en relación co curso académico 2015/2016 (do 41% pásase ao 22,14%), tamén no profesorado obsérvase unha tendencia á baixa posto que do 68,42 % no 2014-2015, pásase ao 63,99 % no 2016-2017 (gráfico 17); probablemente os cambios na coordinación e quizais na estruturación do mestrado, xa comentada, influíu na falta de influencia para cumprimentar as enquisas de satisfacción.




Gráfico 17. Participación nas enquisas de satisfacción do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural (As enquisas do profesorado son bianuais. Non hai enquisas para o curso 2015/2016)




Gráfico 18. Grao de satisfacción nas enquisas de satisfacción do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Nos índices de satisfacción global se percibe un ascenso moi lixeiro, no estudantado do 3,34 ao 3,37 no curso 2016/2017 e no profesorado, se tomamos como referencia os datos da última enquisa, 2014/2015, do 4,21 a 4,41. Tanto no profesorado como no alumnado o ítem máis valorado é a plataforma de teledocencia e as ferramentas multimedia, valor importante tendo en conta que estamos nunha modalidade semipresencial e que a maioría das actividades establécense a distancia. A maiores, por parte de alumnado se valora, en segundo lugar, como ítem máis positivo a calidade da docencia (4,25) e no caso do profesorado o calendario das probas de avaliación (4,67). De novo apréciase entre os ítems peor valorados unha coincidencia entre o alumnado e o profesorado nos ítems de proporción entre as clases teóricas e prácticas, que aínda así supera o 4 (4,06) no caso do profesorado, mentres que no alumnado apenas pasa de 2 (2,2). Sen dúbida, os resultados presentados apuntan cara a unha coherencia nos resultados que se derivan da enquisa.

Tamén se inclúen na táboa inicial os datos correspondentes ao sector dos PAS e aos egresados/as para o curso 2015/2016 que son as últimas enquisas realizadas e que xa foron analizadas no anterior informe de Revisión pola Dirección. No anexo 1 inclúese a nova de prensa onde se indica que a valoración do grao en Xeografía e Historia polos egresados encóntrase entre os dez máis valorados da UVigo, é importante facer notar que o resto dos 9 títulos pertencen a mestrado.

II.1.4 Indicadores por materia

A continuación incluímos unha serie táboas co súa respectiva análise que reflexan agrupados por diversos ítems os resultados por materias.

Grao en Xeografía e Historia (2016-2017)

- **Plan: O02G250V01**

Materia	Éxito	Rendemento	Avaliación
Historia: Modelos de interpretación das sociedades preestatais	100%	100%	100%
Historia: Metodoloxía da historia	67%	50%	75%
Xeografía: Espazos e sociedades	100%	100%	100%
Arte: Linguaxes e técnicas artísticas	100%	50%	50%
Arte: Arte clásica	100%	40%	40%
Historia: Fontes de información en humanidades	100%	100%	100%
Lingua clásica: Introducción á lingua e literatura latinas	100%	100%	100%
Historia antiga universal	100%	50%	50%
Historia medieval universal	100%	100%	100%
Historia moderna universal	100%	50%	50%
Historia contemporánea universal	100%	100%	100%
Mundo actual	100%	100%	100%
Historia da arte medieval	100%	75%	75%
Historia da arte moderna	100%	75%	75%
Historia da arte contemporánea	75%	30%	40%
Historia de América precolombina e colonial	100%	73%	73%
Historia de América contemporánea	100%	86%	86%
Prehistoria da Península Ibérica	75%	75%	100%
Historia antiga da Península Ibérica	50%	20%	40%
Historia medieval da Península Ibérica	100%	100%	100%
Historia moderna de España	38%	33%	89%
Historia contemporánea de España	100%	100%	100%
Xeografía aplicada: Territorio e paisaxe	100%	100%	100%
Sistemas de representación xeográfica	100%	100%	100%
Paleografía	78%	54%	69%
Diplomática e arquivística	88%	72%	83%
Historia das relixións	100%	100%	100%
Historia do poder e das institucións	100%	80%	80%
Xeografía de Galicia	100%	95%	95%
Historia da arte de Galicia	100%	82%	82%
Historia antiga do noroeste da Península Ibérica	100%	95%	95%
Historia medieval de Galicia	100%	100%	100%
Historia moderna de Galicia	70%	70%	100%
Historia contemporánea de Galicia	100%	90%	90%
Prácticas externas	100%	100%	100%
Traballo de Fin de Grao	100%	50%	50%
Prehistoria do noroeste da Península Ibérica	78%	67%	86%

- **Plan: O02G251V01**

Materia	Éxito	Rendemento	Avaliación
Teoría e método da arqueoloxía	61%	51%	84%
Historia: Introducción á etnoloxía	83%	54%	66%
Historia: Introducción á historiografía	64%	43%	67%
Xeografía: Fundamentos de xeografía física	86%	67%	78%
Xeografía: Fundamentos de xeografía humana	63%	32%	50%
Arte: Linguaxes e técnicas artísticas	100%	81%	81%
Arte: Arte clásica	87%	56%	64%
Historia de América precolombina e colonial	69%	43%	62%
Idioma moderno: Inglés para humanidades	88%	71%	81%
Prehistoria universal	72%	46%	64%
Xeografía: Espazos e sociedades	100%	100%	100%
Historia antiga universal	95%	84%	88%
Historia medieval universal	100%	88%	88%
Historia: Fontes de información en humanidades	100%	78%	78%
Paleografía	89%	70%	78%
Historia: Metodoloxía da historia	84%	64%	76%
Historia moderna universal	79%	68%	86%
Historia contemporánea universal	94%	81%	86%
Historia da arte medieval	100%	88%	88%
Arqueoloxía aplicada	100%	100%	100%
Xeografía aplicada. Territorio e paisaxe	100%	85%	85%
Prehistoria da Península Ibérica	100%	95%	95%
Historia antiga da Península Ibérica	90%	86%	95%
Historia medieval da Península Ibérica	100%	95%	95%
Historia da arte moderna	100%	94%	94%
Sistemas de representación xeográfica	100%	90%	90%
Historia moderna de España	89%	76%	86%
Historia contemporánea de España	100%	95%	95%
Historia da arte contemporánea	94%	83%	89%
Mundo actual	100%	95%	95%

Táboa 9. Taxas de éxito, rendemento e avaliación por materia no Grao en Xeografía e Historia

En ambos planos séguese a constatar a tendencia xa indicada no informe do pasado curso que analizaba os resultados do rendemento dos últimos catro cursos. O conxunto de materias que acadan una taxa de rendemento igual ou superior ao 80% sitúase en valores próximos á metade do total de materias cursadas (exactamente o 46,5% no plano antigo e o 50% no remodelado). Tamén, en segundo termo, o conxunto da taxa de rendemento presenta uns valores aceptables se a este grupo de materias se lle engaden as comprendidas no seguinte tramo que abrangue aquelas outras cunha taxa de rendemento superior ao 60%. O 62,7% das materias do plano antigo, atópanse nesta situación, que se incrementa no novo ata o 76,6%. En terceiro

lugar, as materias cunha taxa de rendemento baixa, tomando como indicador un valor inferior ao 50%, representan unha minoría (9,3 % no plan vello e 10% no novo).

Mención especial merece a materia do Traballo de Fin de Grao que, se ben observamos que cada ano vai ampliándose a taxa de gradación (gáfico 8) relativa ao estudantado que remata en tempo e forma os seus estudos de grao, as cifras da taxa de rendemento de esta materia se amosan inferiores (do 61% do 2015/2016 ao 50% actual) (táboa 10) debido a que integran aos estudantes da súa cohorte de orixe, polo que esta taxa amplíase a longo dos anos. Se ben a tendencia é positiva, aínda non podemos falar dun resultado satisfactorio. No curso 2016-2017 non se constata diferenza entre o total de créditos avaliados e os superados (táboa 7); a diferenza radica entre o número de créditos matriculados e avaliados, que se sitúa no 50%. Pensamos que a principal causa atópase a normativa xenérica de la Universidade de Vigo que obriga a ter todas as materias superadas antes de proceder á defensa do TFG.

CURSO ACADÉMICO	TFG MATRICULADOS	TFG DEFENDIDOS	
	nº	nº	%
2014/2015	30	18	60,00
2015/2016	36	22	61,11
2016/2017	40	20	50,00
Total	106	60	56,60

Táboa 10. TFG matriculados e defendidos no Grao en Xeografía e Historia

A continuación, inclúese unha táboa coas materias agrupadas en función dun rendemento moi elevado ou demasiado escaso.

Materias con maior taxa de rendemento

Plan O02G250V01			
Materia con maior taxa de rendemento:	Curso 2014/2015	Curso 2015/2016	Curso 2016/2017
G250205 Teoría e método da arqueoloxía		100 %	
G250405 Historia moderna universal			
G250902 Historia antia do noroeste Península Ibérica			
G250911 Prehistoria do noroeste Península Ibérica			
G250105 Historia: Modelos de interpretación das sociedades preestatais	100 %		
G250104 Arte: Linguaxes e técnicas artísticas			

G250901 Epigrafía e numismática			
G250906 Xeografía de Galicia			
G250105 Historia: Modelos de interpretación das sociedades preestatais			100 %
G250301 Xeografía: Espazos e sociedades			
G250101 Historia: Fontes de información en humanidades			
G250103 Lingua clásica: Introducción á lingua e literatura latinas			
G250304 Historia medieval universal			
G250403 Historia contemporánea universal			
G250604 Mundo actual			
G250503 Historia medieval da Península Ibérica			
G250601 Historia contemporánea de España			
G250505 Xeografía aplicada: Territorio e paisaxe			
G250605 Sistemas de representación xeográfica			
G250904 Historia das relixións			
G250905 Historia medieval de Galicia			
G250981 Prácticas externas			

Plan O02G251V01				
Materia con maior taxa de rendemento:	Curso 2014/2015	Curso 2015/2016	Curso 206/2017	
G251204 Teoría e método da arqueoloxía		100 %		
G251504 Prehistoria da Península Ibérica				
G251501 Historia antiga da Península Ibérica				
G251602 Historia da arte contemporánea				
G251301 Xeografía: Espazos e sociedades	100%			
G251303 Historia antiga universal				
G251304 Historia medieval universal				
G251302 Historia: Fontes de información en humanidades				
G251305 Paleografía				
G251402 Historia moderna universal				
G251404 Historia da arte medieval				
G251301 Xeografía: Espazos e sociedades				
G251303 Historia antiga universal				
G251304 Historia medieval universal				
G251302 Historia: Fontes de información en humanidades				
G251403 Paleografía				
G251301 Xeografía: Espazos e sociedades				100%
G251405 Arqueoloxía aplicada				

Táboa 11. Materias con maior taxa de rendemento no Grao en Xeografía e Historia

No plano vello o número de materias que acadan o 100% na taxa de rendemento con respecto ao curso pasado se triplicaron. No novo plano percibimos, sen embargo, que o número de materias que alcanza o 100% é bastante menor, malia que a taxa de rendemento, tal e como acabamos de analizar, resulta máis elevada no seu conxunto. A vista destes resultados, formulamos como meta incrementar o número de materias que alcance esta porcentaxe.

Materias con menor taxa de rendemento

Plan O02G250V01	Curso 2014/2015	Curso 2015/2016	Curso 2016/2017
G250401 Historia: Metodoloxía da historia		25%	
G250203 Historia: Introducción á historiografía	25 %		
G250303 Historia antiga da Península Ibérica			20%

Plan O02G251V01	Curso 2014/2015	Curso 2015/2016	Curso 2016/2017
G251105 Historia de América precolombina e colonial	32%	40%	
G251201 Xeografía: Fundamentos de xeografía humana			32%

Táboa 12. Materias con menor taxa de rendemento no Grao en Xeografía e Historia

Respecto a menor taxa de rendemento observamos que non se repite ningunha das materias en anos sucesivos. Detectamos que a taxa do plano vello pode poñerse en relación co escaso número de estudantes que se presentan aos exames, froito do seu absentismo por materias que están a punto de extinguirse do programa. De feito, no curso 2016/2017 xa non puideron matricularse das materias de 2º curso por extinguirse o plan e tiveron que solicitar a súa admisión e recoñecemento no plano novo. No plano novo, as dúas materias da táboa correspóndense con 1.º curso, e en concreto, unha delas, a de Historia de América Precolombina, mantén esta situación dende o curso 2013/2014 (neste caso incluída no plan vello).

Outra reflexión refírese a que o alumnado manifesta unha maior preocupación polas características desta materia, que xa se manifesta na necesidade de escoller unha liña de investigación e titor/a. O feito de que o regulamento e o calendario académico do centro establezan como data tope para a publicación das asignacións a primeira semana de novembro, esixe, tanto por parte do estudantado como dos directores/as, un nivel de implicación e seguimento superior ao doutras materias. Parello a acadar uns obxectivos máis esixentes, aspectos que redundan en beneficio dos resultados alcanzados polo alumnado.

Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural (2016-2017)

Materia	Éxito	Rendemento	Avaliación
Concepto e Categorías do Patrimonio Cultural	88%	75%	85%
Valor e Significado do Patrimonio Cultural	100%	85%	85%
Protección Xurídica do Patrimonio Cultural	100%	76%	76%
Figuras de Intervención e Xestión de Proxectos	100%	71%	71%
Novos Modos de Xestión e Protección do Patrimonio Cultural	100%	67%	67%
Catalogación e Risco	100%	76%	76%
Técnicas de Representación CAD do Patrimonio	94%	70%	74%
Tecnoloxías SIG para o Inventario do Patrimonio Cultural	90%	72%	80%
Técnicas de Documentación Cartográfica 2D e 3D do Patrimonio Cultural	100%	72%	72%
Caracterización e Documentación Histórico-Artística	100%	83%	83%
Territorio e Paisaxe Cultural	100%	70%	70%
Historia, Memoria, Identidade e Patrimonio Cultural	100%	75%	75%
Difusión e Socialización do Patrimonio Cultural	100%	75%	75%
Deseño de Exposicións e Modelos Expositivos	100%	70%	70%
Patrimonio Arquitectónico, Territorio e Paisaxe Urbana	100%	75%	75%
Prácticas	100%	86%	86%
Traballo Fin de Máster	100%	41%	41%
Técnicas de Prospección do Subsolo Superficial	100%	71%	71%

Táboa 13. Taxas de éxito, rendemento e avaliación por materia no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Materias con maior taxa de rendemento:

		Curso 2014/2015	Curso 2015/2016	Curso 2016/2017
M143202	Tecnoloxías e Formas de Alteración de Materiais e Superficies	100%		
M143204	Técnicas e Ensaio para a Caracterización e a Diagnose en Obra			
M143101	Concepto e Categorías do Patrimonio Cultural		100%	
M143102	Valor e Significado do Patrimonio Cultural			
M143206	Tratamento de Estruturas			
M143212	Patrimonio Arquitectónico, Territorio e Paisaxe Urbana			86%

Táboa 14. Materias con maior taxa de rendemento no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Materias con menor taxa de rendemento:

		Curso 2014/2015	Curso 2015/2016	Curso 2016/2017
M143108	Tecnoloxías SIG para o Inventario do Patrimonio Cultural	48%		
M143204	Traballo Fin de Máster	50%		
M143214	Traballo Fin de Máster		55%	
M143208	Territorio e Paisaxe Cultural		57%	
M143214	Traballo Fin de Máster			41%
M143105	Novos Modos de Xestión e Protección do Patrimonio Cultural			67%

Táboa 15. Materias con menor taxa de rendemento no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

A taxa media de rendemento para todas as materias do mestrado sitúase nun 72,7% e practicamente a totalidade, agás unha, supera unha taxa de rendemento do 65%. Tres das dezoito materias superan o 80%, e a meirande parte se sitúan na banda de 65-75%, un nivel que sen ser brillante é aceptable, dadas as características do alumnado. Só se desvía desta media a materia do Traballo Fin de Máster (táboa 16), cunha taxa de rendemento do 41 %, certamente baixa. A causa deste desvío pensamos que está relacionada co feito de que a maioría do estudantado está desenvolvendo, paralelamente aos seus estudos, unha actividade profesional. A maiores, o TFM é unha materia menos regulada no horario e resulta máis complicado abordar a súa xestión, especialmente cando existen outros compromisos laborais. A Comisión Académica deberá analizar esta situación e realizar algunha proposta de mellora á Comisión de Calidade de cara a superar esta situación.

CURSO ACADÉMICO	TFM MATRICULADOS	TFM DEFENDIDOS	
	Nº	Nº	%
2014/2015	17	3	17,64
2015/2016	31	17	54,83
2016/2017	32	13	40,62
Totais	80	33	41,25

Táboa 8. TFM matriculados e defendidos no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

II.1.5. Datos relativos a QSP recibidas

Queixas			Resultado Curso 16-17	Resultado Curso 15-16
Relativas á	Docencia	Grao en Xeografía e Historia	4	1
Relativas á		Master en Xestión, Valoración...	0	1
Relativas á	Infraestruturas	Grao en Xeografía e Historia	3	2
Relativas á	Servizos			
Relativas á	...			
Suxestións			Resultado Curso 16-17	Resultado Curso 15-16
Relativas á	Docencia	Master en Xestión, Valoración...	0	1
Relativas á	Infraestruturas			
Relativas á	Servizos			
Relativas á	Información Pública	Centro	1	1
Parabéns			Resultado Curso 16-17	Resultado Curso 15-16
Relativas á	Docencia			
Relativas á	Infraestruturas			
Relativas á	Servizos			
Relativas á	Información Pública	Centro		

Análise dos resultados

Un dos sistemas de canalizar o índice de satisfacción do estudantado do Grao en Xeografía e Historia é a través de xuntanzas que cada 3 meses ten a coordinadora de calidade cos representantes de alumnado. O resultado das mesmas é exposto nas reunións da Comisión de Calidade e da Xunta de Centro, tal e como pode comprobarse nas actas. Neste contexto a maior parte das queixas dirixíanse ao problema de acondicionamento das aulas cuxos asentos resultan incómodos e detéctase unha ausencia de enchufes para conectar os dispositivos móbiles. Estas demandas son coincidentes cos resultados das enquisas de satisfacción e son transmitidas á Vicerreitoría do campus responsable das infraestruturas. Outras demandas teñen un carácter máis puntual sobre a dinámica cotiá e son resoltas satisfactoriamente.

Outro sistema é o institucional a través da plataforma de QSP da UVigo, no cal se documentou unha queixa e unha suxestión. A queixa referíase a unha materia en

concreto en relación á gravación das prácticas do estudiantado na aula. En realidade, tratábase dun malentendido que se solventou inmediatamente tal e como consta na resposta da plataforma. A suxestión referíase á información pública da web en relación cos servizos do sector do PAS e inmediatamente foi recollida e modificada.

Unha terceira vía é a través do correo electrónico á secretaría do decanato. Nesta modalidade recibimos 3 queixas relativas á planificación docente (horario, materiais na plataforma en relación á modalidade semipresencial e coincidencia na data de exames de dous cursos diferentes). En todos os casos foron atendidas, respostadas e na medida do posible solventadas.

No curso 2016-2017 non se rexistraron QSP relativas ao mestrado.

II.1.6. Estado de situación dos rexistros de calidade do sistema

Procedemento	Código	Rexistro/Evidencia	Estado Situación			
Planificación e desenvolvemento estratéxico	R1-DE01P1	Plan estratéxico do centro				X
Seguimento e medición	R1-DE02P1	Panel de indicadores	X			
Revisión do sistema pola dirección	R1 -DE03P1	Informe de revisión do sistema pola dirección	X			
Deseño, autorización y verificación das titulacións oficiais*	R1-DO0101P1	Acta da Comisión de Calidade sobre a modificación dunha titulación	X			
	R2-DO0101P1	Acta da Comisión de Calidade sobre a acreditación dunha titulación	X			
Seguimento e mellora das titulacións	R1-DO0102P1	Informes anuais de seguimento	X			
	R2-DO0102P2	Informes finais de avaliación das titulacións (ACSUG)	X			
	R3-DO0102P3	Informes de revisión interna (U.Vigo)				X
Suspensión e extinción dunha titulación*	R1-DO0103P1	Resolución de extinción dun título				
	R2-DO0103P1	Orde de suspensión e revogación dunha titulación publicada no DOG				X
Planificación e desenvolvemento da ensinanza	R1-DO0201P1	Informe de Coordinación	X			
	R2-DO0201P1	Procedemento para o control e seguimento da docencia (ACTA)	X			
Promoción das titulacións	R1-DO0202P1	Plan de promoción do centro.	X			
Orientación ao estudiantado	R1-DO0203P1	Plan de acción titorial	X			
	R1-DO0203P1	Informe final de avaliación do PAT	X			

Xestión das prácticas académicas externas	R1- DO0204 P1	Criterios de asignación das prácticas curriculares				
Xestión da mobilidade	R1-DO0205 P1	Listaxe de estudantado propio seleccionado	X			
	R1-DO0205 P1	Listaxe de estudantado de mobilidade alleo	X			
Información pública e rendemento de conta	R1- DO0301P1	Plan operativo de xestión pública	X			
Xestións das queixas, suxestións e parabéns	R1-MC02	Comunicación da QSP	X			
	R2-MC02	Informe e proposta de resposta validados	X			
	R3-MC02	Informe QSP Periódico				X
Satisfacción das usuarias e usuarios	R1-MC05	Proposta de PAESU	X			
	R2-MC05	PAESU	X			
	R3-MC05	Ficha técnica de deseño da actividade de avaliación	X			
	R4-MC05	Informe de resultados de avaliación	X			
	R5-MC05	Informe de seguimento do PAESU	X			
Xestión do PAS	R1-PE01	Identificación de necesidades do PAS do centro	X			
	R2-PE01	Identificación de necesidades do PAS do centro	X			
Xestión do PDI	R1-PE02	Resultados de avaliación docente anuais	X			
	R2-PE02	Informe para responsables académicos	X			
	R2-PE02	Listaxe de accións formativas derivadas de necesidades detectadas				X
	R4-PE02	Ficha de programa/ actividade de formación				X
Xestión de recursos materiais*	IT01-PA07	Criterios de selección de recursos materiais e provedores	X			
	IT02-PA07	Ficha de solicitude do recurso material	X			
Xestión de servizos*	IT01-PA08	Plan de actuación dos servizos permanentes do centro	X			
	IT012PA08	Informe de resultados dos servizos contratados	X			

Desenvolvida completamente e rexistrada na aplicación	
Realizada parcialmente (non dispoñible para todas as titulacións do centro, non rexistrada...)	

Non comezada para ningunha titulación	
Non procede	

II.1.8. Outros datos (que queira resaltar o centro)

Como anexos a este Informe de Revisión pola Dirección inclúense os seguintes:

Anexo I. Actividades extra-académicas realizadas na Facultade de Historia e algunhas novas de prensa relativas as mesmas.

III. ESTADO DE SITUACIÓN DAS MELLORA PROPOSTAS NO(S) INFORME(S) ANTERIOR(ES)

Accións de mellora *	Titulación A: Grao en Xeografía e Historia			Titulación B: Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural			Centro: Facultade de Historia		
	Estado situación	Estado situación	Estado situación	Estado situación	Estado situación	Estado situación	Estado situación	Estado situación	
Aumentar a participación das enquisas de satisfacción	x					x	Non procede		
Darlle maior protagonismo aos procedementos PE01 e PC01							X		
Mellorar a operatividade da Comisión do SIGC							X		
Trasladar á comunidade do centro a necesidade de encadrar as accións no sistema de procedementos							X		
Mellorar a operatividade de certos aspectos relacionados coa Calidade							X		
Ampliar o protagonismo da CIGC							X		
Ampliar a campaña de difusión	X								
Acollida adecuada á modalidade semipresencial	X								

Difusión do grao en Xeografía e Historia nos centros de Ensinanzas Medias	X							
Titorías trimestrais cos/as delegados/as dos cursos	X							
Organizar xornadas informativas sobre aspectos de interese para o estudiantado e sobre saídas profesionais	X							
Continuar coa política de ampliación dos convenios para a realización de prácticas e revisalos no caso de que proceda	X							
Adecuación guías docentes á modalidade semipresencial	X							
Acondicionamento de espazos comúns	X							
Cableado das aulas para uso de portátiles polo estudiantado		X						
Acondicionamento dos asentos das aulas		X						
Ampliar e actualizar os equipos da aula de informática	X							
Incrementar o número de estudiantado en primeira matrícula	X							
Incentivar a participación nas EAD		X						
Axeitada redistribución do PAS	X							
Implementar un aula de gravación en relación á mellora da modalidade semipresencial						X		
Habilitar un espazo como sala do profesorado								X
Analizar el rendemento das materias	X			X				
Incrementar o número de TFG defendidos (Taxa de gradación)		X						
Implicación do PAS en temas relacionados coa Calidade								
Certificación da implantación do Sistema de Garantía de CALIDADE						X		
Acadar a acreditación do grao en Xeografía e Historia	X							
Revisar os apartados de competencias, metodoloxías, planificación docente e avaliación nas fichas das materias				X				
Revisar o cronograma das materias do Módulo 1 e 2, e propor un novo calendario				X				

docente									
Adaptación da normativa do Traballo de Fin de Mestrado á aprobada pola Universidade de Vigo a fins do curso 2015/2016				X					
Remodelación da memoria da titulación tras o abandono do profesorado da ESCRBCG				X					

Desenvolvida completamente	
Realizada parcialmente	
Non comezada	
Non procede	

IV. LISTAXE DE (NOVAS) ACCIÓNS DE MELLORA PROPOSTAS

As accións de mellora que se recollen deben ser coherentes cos resultados acadados e a análise realizada nos epígrafes anteriores .

Accións de mellora*	Grao en Xeografía e Historia	Mestrado en Valoración, Xestión...	Facultade de Historia
Elaboración dun Plan Estratéxico do Centro			X
Aplicar as recomendacións derivadas do proceso de Certificación do Sistema			X
Analizar posibles accións para mellorar a taxa de gradación	X	X	
Analizar posibles accións para mellorar a taxa de abandono	X		
Analizar os motivos do descenso da satisfacción de estudiantado coa planificación e desenvolvemento de ensino	X		
Solicitar o aumento da plantilla do profesorado dedicado a tempo completo			X
Comprobar se a recén implantada RPT do PAS resulta axeitada			X
Continuar coa demanda das melloras de infraestruturas das aulas e laboratorios	X		
Incrementar as actividades relacionadas coa orientación laboral e a difusión de actividades extra-académicas	X		
Incrementar o número de materias que acaden a taxa de rendemento do 100%	X	X	
Analizar pola Comisión Académica a problemática vinculada a baixa taxa de rendemento do TFM		X	
Descenso da satisfacción do estudiantado nos aspectos relacionados coa orientación		X	
Seguimento sobre a evolución das materias nas que o NP é elevado		X	
Vencellar ao estudiantado cos espazos físicos dos centros		X	
Adecuar a realización das enquisas de avaliación docente á modalidade semipresencial	X	X	

**Tódalas accións de mellora incorporaranse no sistema unificado e centralizado para a xestión de accións de mellora*

V. CONCLUSIÓNS E ACORDOS

I.1. Listaxe de asistentes á reunión de aprobación do informe final:

Susana Reboreda Morillo, coordinadora de Calidade e Decana

Josefina Cadilla-Secretaria do equipo decanal e representante do PAS na Comisión de Calidade

Antonio Presedo Garazo, colaborador de Calidade

Fermín Pérez Losada- Coordinador Máster de Xestión, Valoración e Protección do Patrimonio Cultural na Beatriz Vaquero Díaz: Coordinadora do grao en Xeografía e Historia

Yolanda Barriocanal López: Representante PDI

Iria Souto Castro: Representante egresados

Juan Manuel Galiña Lorenzo: Representante estudantes

Rosa M^a Díaz Naya: Representante Sociedade

Xosé María Eguileta Franco: Representante Sociedade

Tras analizar toda a información previa relacionada co funcionamento do sistema de garantía / xestión de calidade e importante concluir que:

Conclusións relevantes

1.	O proceso de certificación do Sistema de Garantía de Calidade supuxo para o Centro a actualización e aplicación de todos os procesos relacionados coa mesma, como o demostra a obtención do selo
2.	Os procesos de acreditación dos títulos de grao en Xeografía e Historia e do mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade implicaron unha revisión, actualización e mellora de ambos procesos formativos.
3.	
4.	

Así mesmo acórdase:

Acordos

1.	Elaborar un plan estratéxico específico do centro
2.	Continuar, na medida do posible, co proceso de simplificación das accións de Calidade
3.	Aplicar, na medida do posible, as melloras suxeridas nos procesos de acreditación e certificación

4.	Implementar, na medida do posible, todas as accións contempaldas no Plan de Melloras
----	--

VI. ANEXOS

- Anexo 1: Actividades extra-académicas da Facultade de Historia e noticias de prensa relativas ao curso 2016/2017.